

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

E. Moscoso Mato (2004): “Antepretérito sintético e analítico en galego medieval”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 227-233.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

ANTEPRETÉRITO SINTÉTICO E ANALÍTICO EN GALEGO MEDIEVAL¹

Eduardo Moscoso Mato

Instituto da Lingua Galega. Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela

0.- INTRODUCCIÓN

O obxecto desta comunicación é presenta-la situación en que se atopan as formas verbais que indican antepretérito na época medieval da nosa lingua.

É de todos sabido que, cando falamos de formas verbais, podemos referirnos a unha serie de formas chamadas “absolutas” (as cales indican unha relación temporal respecto á orixe) ou a outro grupo delas denominadas “relativas” (as cales están en relación temporal directa con unha forma absoluta).

Neste traballo imos facer referencia ó comportamento das formas que responden á fórmula (O-V)-V, é dicir, aquelas formas que indican unha relación temporal de anterioridade respecto a unha acción anterior á orixe. Ademais cómpre sinalar que o noso estudio se vai referir unicamente a formas verbais do chamado modo Indicativo.

Unha vez delimitado o obxecto do noso estudio é necesario indica-lo *corpus* que serviu de base para a nosa descrición. Pareceunos suficiente, para unha comunicación destas dimensións e destas pretensións, usar un *corpus* non excesivamente extenso, e decidimos empregar tres obras de prosa galega medieval que estivesen separadas entre si por un considerable espazo temporal en canto á súa redacción. A primeira é unha obra relativamente temperá (finais do século XIII ou principios do XIV), estamos a falar da *Traducción gallega de la Crónica General*, e cando dicimos isto estámonos a referir só á parte da edición do profesor Ramón Lorenzo² que contén a traducción da *Primera*

¹ Esta comunicación insírese dentro do proxecto de investigación *Gramática Histórica da Lingua Galega* que se está a desenvolver no *Instituto da Lingua Galega*, dirixido polo Prof. Dr. Xavier Varela Barreiro e financiado pola *Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia*.

² Ramón Lorenzo (ed.), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo», 1975.

Cronica General, é dicir, non analizámo-la parte correspondente á traducción da *Crónica de Castilla* nin á *Crónica particular de San Fernando*. Quizais sexa interesante presenta-lo volume total deste *corpus*, para así poder compara-la súa extensión coa das outras obras analizadas: esta obra está composta por un total de 504.000 caracteres aproximadamente.

As outras dúas obras analizadas foron escritas aproximadamente un século despois da citada. Trátase por unha banda dos *Miragres de Santiago*³, e por outro lado da *Corónica de Santa María de Iria*⁴. No caso dos *Miragres de Santiago* estamos ante unha obra de finais do século XIV ou de principios do XV, e que ten unha extensión aproximada de 200.000 caracteres, mentres que a *Corónica de Santa María de Iria* é unha obra xa plenamente do século XV e cunha extensión aproximada de 80.000 caracteres. Observamos, polo tanto, que o *corpus* máis antigo dos empregados (a *Traducción*) é máis extenso que a suma das dúas obras máis tardías (*Miragres de Santiago* e *Corónica de Santa María de Iria*).

1.- FRECUENCIA DE USO DAS FORMAS DE ANTEPRETÉRITO

Nas obras analizadas observamos un emprego significativamente maior das formas en *-ra* (*cantara*, *temera*, *partira*), ás que nos imos referir coa denominación de *antepretérito sintético* ou *simple*. Vexamos detidamente as cifras.

Nas tres obras analizadas aparecen un total de 547 casos de uso de antepretérito sintético, o que equivale a 0,7 aparicións dunha destas formas verbais cada 1.000 caracteres. Se o analizamos en cada unha das obras a situación é a seguinte:

–Na *Traducción* aparecen un total de 307 formas de antepretérito sintético ou simple, isto é, 0,6 casos por cada 1.000 caracteres.

–Nos *Miragres de Santiago* atopamos 176 formas de antepretérito, o que vén sendo case 0,9 aparicións por 1.000 caracteres.

–Finalmente na *Corónica de Santa María de Iria* aparecen 64 formas de antepretérito simple, o que equivale a 0,8 casos cada 1.000 caracteres.

Somos conscientes de que estes datos por si sos non resultan significativos, xa que o uso máis ou menos abundante dunha determinada forma verbal vén xeralmente condicionado por necesidades narrativas, influíndo de xeito decisivo na frecuencia de uso o tema ou o estilo do texto. Ademais habería que compara-la frecuencia de uso dunha determinada forma verbal tendo en conta o número total de verbos, cousa que non facemos aquí.

³ José Luis Pensado (ed.), *Miragres de Santiago*, Anejo LXVIII de la *Revista de Filología Hispánica*, Madrid, C.S.I.C., 1958.

⁴ Jesús Carro García (ed.), *Corónica de Santa María de Iria. Códice gallego del siglo XV*, Anejo V de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, C.S.I.C, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos.

O que si consideramos que resulta indicativo para a nosa descrición é a comparación da frecuencia de uso das formas simple e composta do antepretérito, xa que o seu valor temporal é o mesmo e dá a impresión de que son intercambiables entre si. Polo tanto, imos ver agora a frecuencia de uso das formas de antepretérito composto ou analítico nas obras obxecto do noso estudio.

O total de formas de tempo composto que indican unha relación temporal de antepretérito (0-V)-V ascende (nas tres obras consultadas) a un total de 293, isto é, algo menos de 0,4 formas cada 1.000 caracteres, cantidade significativamente inferior ás 0,7 formas no caso do antepretérito simple. Sen embargo, no caso do antepretérito composto a situación é algo máis complicada, xa que as formas verbais que atopamos indicando a relación temporal (O-V)-V poden presenta-las seguintes morfoloxías:

A) “Copretérito do verbo auxiliar (*haber* ou *ser*) + participio”: *había dito, era entrado*⁵. Debemos indicar que tamén aparecen casos de construción do tipo “*ter*+ participio”, pero consideramos que en todos eles está presente o valor de posesión do verbo *ter*, polo que non estamos ante un auxiliar, situación distinta da presentada polo verbo *haber*, que na maioría dos casos non presenta valor de posesión. Con esta morfoloxía atopamos un total de 112 casos (0,14 aparicións cada 1.000 caracteres). En todos estes casos o antepretérito composto dá a impresión de que podería ser conmutable pola forma simple correspondente (*dixera, entrara*). De todas formas hai que ter en conta que nalgúns casos podería ser máis que discutible que a forma atopada sexa ou non un tempo composto, en casos coma os seguintes:

a) Se atopámo-la construción *era vivo* resulta evidente en tódolos casos que estamos ante un verbo *ser* en uso copulativo, pero non sucede o mesmo no caso da construción *era morto*, na que podemos interpretar que é equivalente a *había morto* ou *morrera*, (antepretérito) ou a *estaba morto* (verbo copulativo indicando estado).

b) Algo similar sucede co verbo *haber*: Nunha construción do tipo *Moitos soldados que habían mortos* podemos estar ante unha construción que significa *Moitos soldados que morreran, Moitos soldados ós que mataran* (*morto* é tamén participio do verbo *matar*) ou mesmo *Moitos soldados que tiñan* (*gardados*) *mortos*.

B) “Pretérito do verbo auxiliar (*haber* ou *ser*) + participio”: *houbó dito, foi nado*. Estamos ante un total de 173 casos (0,22 aparicións cada 1.000 caracteres). Trátase principalmente de oracións subordinadas adverbiais temporais do tipo *Desde que o houbó dito*. De todas maneiras esta frecuencia de uso haina que ter en conta, unha vez máis, só dun xeito relativo, e tomándoa sempre á baixa, xa que temos que indicar, ademais dos casos dubidosos que presentabamos respecto da construción *había dito* ou *era nado*, o seguinte:

⁵ Poñemos estes exemplos e os seguintes con grafía actual debido a que son exemplos nosos baseados nos que aparecen nas obras.

a) En moitos dos casos a forma verbal composta pode ser conmutable directamente pola simple (*Desde que o dixera*), pero tamén pode aparecer en correlación coa forma do pretérito (*Desde que o dixo*). Dito doutro xeito, nalgúns casos a posible substitución pola forma simple do antepretérito esixiría un cambio na construción sintáctica: *Cando llo houbo oído* non sempre pode substituírse por *Cando llo oíra todo*, senón que nalgúns casos parece necesario o cambio de conxunción subordinante: *Despois de que llo oíra todo*. Con isto queremos indicar que estes casos non están en correlación directa co antepretérito simple, senón máis ben co pretérito (*Cando llo oíu todo*).

b) Outro dato importante é que, en moitos dos casos en que o auxiliar é o verbo *ser*, dá a impresión de que a construción do tipo *foi nado* non equivale a unha forma verbal do tipo (O-V)-V, senón que máis ben indica un tempo O-V: *Rógovos que me digades como fostes vós aquí chegados. Adoeceu de forma que foi morto*.

c) Nalgúns casos nos que o auxiliar é o verbo *ser* pode ser discutible se estamos ante unha pasiva, ante un tempo composto ou ante unha oración copulativa: *Desde foi morto* pode equivaler a *Desde que houbo morto*, *Desde que foi matado* (*Desde que o mataron*), *Desde que estivo morto*.

É evidente que en moitos dos casos dúbidosos tanto sinalados nesta sección coma na anterior, o contexto narrativo serve para delimita-lo valor da construción, pero tamén é certo que noutras ocasións non temos datos suficientes para saber se estamos ou non ante un tempo composto, polo cal, repetimos, os datos de frecuencia de uso destes tempos compostos deben ser tomados con precaución e sempre á baixa.

C) Finalmente aparecen seis casos nos que temos unha forma do verbo *ser* ou *haber* en antepretérito simple seguido dun participio. O curioso destas construcións é que parece que presentan un valor temporal semellante a un copretérito seguido dun participio: *Este dño Pedro d'Arangõo en sua uida ouvera dado seu fillo dño James a criar ao conde dño Simão de Monfort, et esposoo cõo sua filla* (*Traducción gallega de la Crónica General*); ...*et ofereçeno ao altal d'quel Señor por cujo rrogo el fora nado et tornado de morte a vida*. (*Miragres de Santiago*). Somos conscientes de que pode resultar discutible que esteamos ante antepretéritos compostos, pero cando menos non hai ningún dato que indique claramente que non é así.

Retomando o dito hai un momento, vemos que o uso do antepretérito composto supón aproximadamente un 50% do uso do antepretérito simple, ou dito doutro xeito, o antepretérito composto ou analítico representa 1/3 do total de formas verbais empregadas para indicar esa relación temporal. Vexamos agora o que sucede en cada unha das obras, xa sen ter en conta o tempo no que aparece o auxiliar, para así evitar complicar excesivamente a exposición:

A) Na *Traducción* aparecen un total de 260 casos de antepretérito analítico, o que supón un 0,5 aparicións por 1.000 caracteres (fronte ós 307 casos de antepretérito simple - 0,6 cada 1.000 caracteres).

B) Nos *Miragres de Santiago* observamos que hai un total de 27 aparicións de antepretérito composto, o que representa un 0,1 casos por cada 1.000 caracteres, cantidade moi inferior á que presentaba o antepretérito simple (176 casos - case un 0,9 por 1.000 caracteres). Vemos que hai un descenso máis que significativo respecto á frecuencia de uso que presentaba a *Traducción*.

C) O caso máis extremo é o que presenta a *Corónica de Santa María de Iria*, na que só aparecen 4 casos de antepretérito composto (0,05 aparicións por 1.000 caracteres), dous deles dubidosos; fronte ós 64 casos nos que aparecía un antepretérito simple (0,8 por 1.000 caracteres).

Non estamos en disposición de indica-las causas que fan que a *ratio* entre o uso da forma analítica e sintética do antepretérito sexa tan diferente entre as tres obras consultadas. Fixémonos en que na obra máis antiga, a *Traducción*, o uso das formas compostas representa o 46% do total de formas verbais que indican antepretérito. No caso dos *Miragres de Santiago* as formas supoñen un 13% do total, mentres que na *Corónica de Santa María de Iria* os antepretéritos analíticos representan algo menos do 6% dos antepretéritos totais.

Podemos pensar que a diferenza temporal entre a escritura das tres obras fai que uso das formas compostas vaia diminuindo, desde o 46% a finais do século XIII ou principios do XIV, pasando polo 13% un século despois, ata o 6% dunha obra escrita medio século máis tarde (mediados do XV). Tampouco hai que perder de vista que a obra máis antiga é unha tradución dunha obra castelá, lingua que aínda hoxe conserva con total vitalidade, e de xeito exclusivo en certos ámbitos xeográficos, o antepretérito composto para indicar esa relación temporal. Finalmente tampouco debemos esquece-lo distinto carácter temático que teñen as obras estudadas, o que pode influír en maior ou menor medida nas escollas léxicas e estilísticas á hora de presenta-la narración.

2.- ESTUDIO MORFOSINTÁCTICO COMPARATIVO ENTRE AS FORMAS DE ANTEPRETÉRITO SINTÉTICO E ANALÍTICO

A continuación imos expo-los achados dun pequeno estudio morfosintáctico das construcións nas que aparece un antepretérito, coa intención de observar se hai algunha diferenza considerable entre as características das construcións nas que aparece un antepretérito sintético e as que presentan a construción de antepretérito analítico. Nesta breve descrición referirémonos ás tres obras en conxunto, coa intención de non estendernos demasiado:

a) Persoa gramatical: En ámbolos casos a persoa gramatical que máis aparece é a terceira de singular, como corresponde ó tipo de narración das obras en cuestión. Moitos menos son os casos de terceira de plural, sendo estes últimos significativamente máis abundantes nas construcións de antepretérito analítico ou composto.

b) Tipo de verbo: Dá a impresión de que os verbos que aparecen nun e noutro caso non presentan ningunha diferenza entre si, de tal xeito que moitos deles se repiten. Igualmente resulta case idéntica a proporción entre verbos transitivos e intransitivos nos dous casos.

De tódolos xeitos podemos comentar algúns verbos significativos:

–O verbo *haber* só aparece en construcións de antepretérito sintético, supoñemos que para evita-la repetición da mesma raíz nunha forma composta, o que daría lugar a certa cacofonía. De tódolos xeitos coñecemos algún caso en galego medieval no que atopamos un tempo composto do verbo *haber* no que o auxiliar é este mesmo verbo.

–O verbo *morrer* aparece con moita máis frecuencia (49 veces) en construcións de antepretérito composto (fronte ás 8 de antepretérito simple). Xeralmente está auxiliado polo verbo *ser*, aínda que en 3 casos o auxiliar é *haber*.

–O verbo *ser* aparece sempre en construcións de antepretérito simple, sexa como verbo copulativo ou como auxiliar da pasiva.

–O verbo *vir* aparece en forma simple en 39 ocasións fronte a só dúas en que presenta a forma de antepretérito composto auxiliado polo verbo *ser*.

No caso dos antepretéritos compostos, dá a impresión de que o auxiliar usado está condicionado polo tipo de verbo principal. A situación parece bastante semellante á do francés actual: o verbo *ser* aparece como auxiliar no caso de *nacer*, *morrer*, *finar* e certos verbos relacionados co movemento físico: *pasar*, *saír*, *chegar*, *tornar*, *vir*, *ir*, *irse*, *partir*, *mover*, *crecer*. De tódolos xeitos hai que sinalar que tamén atopamos un caso no que o verbo *morrer* está auxiliado por *haber* e outro no que o auxiliado por *haber* é *entrar*.

c) Tipo de suxeito: Nos casos de antepretérito simple o suxeito presenta o trazo [-animado] no 10% dos casos, fronte a só o 2% nos que o suxeito dun antepretérito composto presenta este trazo.

d) Presencia do obxecto directo e tipo: Tanto nas construcións en que aparece un antepretérito simple coma nas que o núcleo é un antepretérito composto, está presente case ó 100% na oración un obxecto directo cando se trata dun verbo transitivo. Sen embargo nas construcións de antepretérito simple hai unha maior tendencia a que este presente o trazo de [+humano] (23% dos casos, fronte ó 12% nos antepretéritos compostos).

e) Presencia dun obxecto indirecto: Se contabilizámo-los casos nos que nunha oración non vai expreso un obxecto indirecto (nin sequera un clítico que se refira a el), podemos observar que a proporción de non aparicións deste elemento é maior no caso dos antepretéritos compostos.

f) Tipo de oración: En canto a este aspecto hai certas diferenzas que deben ser sinaladas:

–As oracións subordinadas adverbiais temporais presentan en moita maior proporción a construción de antepretérito composto (165 casos fronte a tan

só 18 de antepretérito simple). En case todas estas oracións o verbo auxiliar é *haber* en pretérito; e viceversa: case tódolos auxiliares en pretérito dan lugar a unha construción temporal. Esta forma verbal do auxiliar permítenos expresar unha maior inmediatez da acción do verbo principal respecto da expresada polo antepretérito. É normal que neste tipo de construcións aparezan en pouca medida os antepretéritos sintéticos, xa que non sempre son conmutables pola perífrase “pretérito de *haber* + participio”, senón que en moitas ocasións é preciso facer un cambio na construción sintáctica como xa sinalamos antes. Polo que si resulta conmutable en moitas ocasións esta perífrase é por un pretérito simple.

–Tamén resulta digno de destaca-lo feito de que as oracións subordinadas adxectivas especificativas son moito máis abundantes no caso das construcións de antepretérito simple. Concretamente representan o 61% do total no caso dos antepretéritos simples fronte a tan só o 17% no caso dos compostos.

3.– RESUMO E CONCLUSIÓNS

De todo o dito ata aquí podemos sinala-lo seguinte a xeito de resumo:

–No galego medieval conviven basicamente tres formas de antepretérito: dúas analíticas: “verbo auxiliar (*ser* ou *haber*) + participio”, podendo esta-lo verbo auxiliar en pretérito ou en copretérito, e unha sintética (forma de *-ra*).

–O verbo *ser* aparece como auxiliar no caso de verbos de movemento; incluíndo os verbos que designan o nacemento e a morte, que poden ser considerados o primeiro e o último movemento.

–Atopamos que os casos de antepretérito composto supoñen tan só un tercio dos antepretéritos totais presentes no *corpus* estudado.

–Das tres obras analizadas a frecuencia de uso do antepretérito composto é maior na *Traducción gallega de la Crónica General*, diminúe nos *Miragres de Santiago* e case non aparece este antepretérito analítico na *Corónica de Santa María de Iria*.

–Comparando as construcións de antepretérito simple e composto podemos sinalar as seguintes diferencias destacables:

- a) Para os antepretéritos dos verbos *haber*, *ser* e *vir* prefírese a forma simple, mentres que para *morrer* a forma preferida é a composta.
- b) É moito máis frecuente no caso dos antepretéritos simples que o suxeito presente o trazo de [- animado].
- c) As oracións subordinadas adverbiais temporais presentan xeralmente a forma do antepretérito composto no que o auxiliar é *haber* en pretérito, debido ás posibilidades semánticas de inmediatez que ofrece esta perífrase.
- d) Nas oracións subordinadas adxectivas especificativas aparece xeralmente a forma simple do antepretérito.